



BOP

MIÉRCOLES, 13 DE MARZO DE 2013

Nº 060

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 27 de febreiro do 2013, aprobose o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente o 6º bimestre do exercizo 2012, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de marzo de 2013 ó 3 de abril do 2013.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 27 de febreiro do 2013.- O alcalde, Jose Alfonso Fuente Parga

R. 0901

BEGONTE

Anuncio

O Pleno desta Corporación Municipal, na sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2013, adoptou o acordo de aprobación inicial da Ordenanza para a Defensa e Protección das vías municipais en relación coa saca de madeira. En cumprimento do disposto nos arts. 49 e 70.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, sométese o expediente incoado a exposición pública polo prazo de 30 días, a contar desde a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, para exame e reclamacións. No suposto de non presentarse reclamacións ao mesmo entenderase definitivamente aprobado.

Begonte, a 1 de marzo de 2013.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 0903

CERVANTES

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión de data 27 de febreiro de 2013 a modificación das bases de execución do presuposto do orzamento municipal para o ano 2013 (base 25ª :Premio de investigación "Cervantes Saavedra") , en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, expónse ao público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que comezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Cervantes, 5 de marzo de 2013.-O ALCALDE-PRESIDENTE, Benigno Gómez Tadín.

R. 0937

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 3 de xaneiro do 2013, prestou aprobación á Modificación da Ordenanza de Administración Electrónica:

Artigo 11. A Sede Electrónica do Concello de Monforte de Lemos

1. Establécese como sede electrónica xeral da Administración municipal o punto de acceso electrónico xeneral, **www.sede.monfortedelemos.es**. Nesta sede, porase a disposición da cidadanía a relación de servizos e o modo de acceso aos mesmos, debendomanterse coordinado cos restantes punto de acceso electrónico desta Administración e os seus Organismos Públicos, cara aos que existirá unha ligazón directa.

Monforte de Lemos , a 5 de marzo de 2013.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz

R. 0938

Anuncio

Con data 29 de abril do 2010 o Pleno da Corporación prestou aprobación á modificación da ordenanza de instalación de terrazas, expoñéndose ao público no BOP número 103 de data 08.05.2010.

Con data 15.06.2010 publicouse no BOP núm. 134 o texto da ordenanza sen as modificacións aprobadas polo Pleno.

Detectado o erro procédese á publicación do texto íntegro da ordenanza coas modificacións aprobadas:

ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Artigo 1.- O xecto e concepto

- 1.1. A presente ordenanza ten por obxecto regular o réxime xurídico que debe someterse o aproveitamento de terreos de dominio público municipal, mediante a súa ocupación temporal con mesas e elementos auxiliares das mesmas. O aproveitamento que regula a presente ordenanza referirase exclusivamente á ocupación con terrazas anexas a establecementos hosteleros ubicados en inmovible ou local.
- 1.2 Entenderase por terrazas anexas a establecementos hosteleros situados en inmovible ou local, a ocupación de terreos de dominio público mediante a localización naquel de mesas, cadeiras, parasoles, toldos, xardineiras ou calquera outro elemento análogo en liña de fachada ou frente ó establecemento, e sen barra de servizo distinta da do propio establecemento.

Artigo 2.- Licenzas

A ocupación de terreos de dominio público definidos no artigo 3 suxeitarase á licenza administrativa.

Artigo 4.- Requisitos xerais

Con carácter xeral, as instalacións ás que se refire a presente ordenanza rexeranse polo disposto no capítulo II.

Artigo 5.- Singularidades

Ademais do establecido no artigo anterior, os emplacementsos deberán cumprir os seguintes requisitos:
Queda prohibida a ocupación de:

- ✓ Entradas a galería visibles
- ✓ Bocas de rego
- ✓ Hidrantes de incendio
- ✓ Saídas de emerxencia
- ✓ Paradas de transporte público regularmente establecidas
- ✓ Aparatos de control de tráfico
- ✓ Centros de transformación e arquetas de rexistro de servizo público
- ✓ Pasos peonísinalizados
- ✓ Calzadas con circulación de vehículos

Non poderá colocarse ningún elemento que dificulte a manobra de entrada ousaída de vados permanentes de paso para vehículos.

En ningún caso se poderán colocar elementos fixosou permanentes cuxa colocación oudesmontaxerequiera a realización dalgunha obra especial, agás os toldos.

Artigo 6.- Prohibicións e limitacións

6.1- Queda absolutamente prohibida a instalación de billares, futbolíns, máquinas recreativas, de azar, expendedoras de bebidas e de calqueraoutro tipo análogo nas terrazas obxecto de regulación na presente ordenanza.

6.2-Asimesmo queda estrictamente prohibida a instalación de calquera clase de aparatos reproductores de imaxe e sonido.

6.3-O mobiliario das terrazas non poderáconterpublicidadealgunha. Así mesmo, a súa tipoloxía deberá ser acorde co entorno, e sempre previa autorización do modelo por parte do Concello.

Artigo 7. Actividades incluídas

A licenza para instalar terrazas dará dereito a expender e consumir namesma os mesmos produtos que poidan selo no interior do establecemento do cal dependan.

Artigo 8.- Actividades excluídas

A presente ordenanza non será de aplicación ós actos de ocupación da vía pública que, sendo de carácter hostelero, se realicen con ocasión de feiras, festexos, actividades deportivas ou análogas, que se suxeitaránásúas normas específicas.

Artigo 9.- Efectos

9.1 Todas as licenzasoutorgaransedeixando a salvo o dereito de propiedade e senprexuízo de terceiros. O exercicio da actividade realízase a risco e ventura dos interesados.

9.2 A licenza non poderá ser arrendada, subarrendada nin cedida, directa ou indirectamente, en todo ou en parte.

Artigo 10.- Dereitos do autorizado

O titular da licenzaterá dereito a exercer as actividades nos termos previstos na propia licenza, con suxeiciónásprescripcións establecidas nestaordenanza e demais preceptos legais aplicables.

Artigo 11.- Excepcións

Malia ó establecido no artigo anterior, cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización ou de implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, o concello, poderá revocar ou suspender a licenza concedida sendereito a indemnización a favor do interesado. Neste caso, devolveráselle a parte do prezo público que corresponda proporcionalmente ó tempo en que non poidamanter instalada a terraza.

Artigo 12.- Obrigas

12.1 Serán por conta do titular da licenza a instalación dos elementos e a realización, á súa costa, das obras necesarias para a instalación dos toldos, para o cal deberá estar en posesión da correspondentelicenza.

12.2 Será obriga dos titulares das terrazas manterásmesmas e ós elementos que as compoñen, nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. A tales efectos, estarán obrigados a dispor dos elementos de recollida e almacenamento dos residuos que puidesensuxar o espazo público.

12.3 Queda prohibido almacenar ou apilar xuntoás terrazas produtos, materiais e elementos móbiles (mostradores e cámaras), así como residuos propios da instalación, tanto por razóns de estética e ornato, como por hixiene.

12.4 Será obligatorio, para poder instalar terrazas anexas a establecimientos ubicados en inmueble ou local, que o titular deste teña concertado un seguro de incendios do local e de responsabilidade civil por danos ós concurrentes e terceiros, derivados das condicións do local, así como do persoal que presete os seusservizos no mesmo, que inclúa, tanto ó local propiamente dito, como ós seus anexos, incluída a terraza.

Artigo 14.- Horarios

Os horarios de apertura da terraza estarán suxeitos ó da licenza de actividade que teña concedida o establecemento hostaleiro correspondente.

Artigo 15.- Infraccións

As infraccións das normas contidas nesta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

15.1 Son faltas leves:

- ✓ Instalación da terraza sen autorización
- ✓ O incumprimento da obriga de manter as terrazas e cada un dos elementos que as componen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.
- ✓ O deterioro leve dos elementos de mobiliario e ornamentais urbanos colindantes co establecemento, que se produza como consecuencia da actividade obxecto de licenza
- ✓ A ocupación de maior superficie autorizada, en menos do 10%.

15.2 Son faltas graves:

- ✓ Reiteración por dúas veces na comisión de faltas leves no prazo de 6 meses
- ✓ A ocupación de maior superficie da autorizada en máis do 10%.
- ✓ O deterioro grave dos elementos de mobiliario.
- ✓ A colocación de envases e calquera outra clase de elementos, que non sexan mesas, cadeiras e elementos auxiliares dos mesmos, fóra do recinto do establecemento.

15.3 Son faltas moi graves:

- ✓ A reiteración de tres faltas graves, no prazo de 6 meses.
- ✓ A desobediencia ós lexítimos requerimentos dos inspectores e autoridades
- ✓ A falta de aseo, hixiene e limpeza no persoal ou elementos do establecemento cando non constitúan falta leve ou grave
- ✓ A venda de produtos alimenticios non autorizados
- ✓ Instalar elementos de mobiliario non autorizados pol licenza

Artigo 16.- Sancións

16.1. As infraccións á Ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

As faltas leves sancionaranse con multa de 60 a 400 €

As faltas graves sancionaranse con multa entre 401 e 1000 €

As faltas moi graves sancionaranse con multa entre 1001 € e 2000 €, podendo incluso ser revocada a licenza.

16.2. Na imposición das sancións, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade da infracción contida e a sanción aplicada, debéndose seguir para a graduación da sanción a aplicar os seguintes criterios:

- A gravidade da infracción
- O prexuízo causado
- A reiteración
- As circunstancias dos responsable
- A reincidencia, pola comisión no termo de 6 meses de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se declarase por resolución firme.
- A intencionalidade

Artigo 17.- Capacidade para solicitar a licenza

Poderán solicitar a licenza para este tipo de ocupacións, os titulares dos establecementos descritos no artigo 2 desta ordenanza, sempre que a actividade se desenvolva coa lexislación xeral e sectorial que regula a mesma.

A taxa que por este concepto deberá pagar o titular da licenza será a que a tales efectos se fixa na ordenanza fiscal correspondente

As licencias terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza.

Artigo 18.- Requisitos da solicitude

As licenzas solicitaranse perante o Sr. Alcalde-Presidente do concello de Monforte de Lemos. Acompañarase á solicitude a seguinte documentación:

- ✓ Licenza de apertura do establecemento
- ✓ Póliza e recibo de pago do seguros de incendios do local e de responsabilidade civil
- ✓ Autorización dos propietarios dos inmobles colindantes, no caso de que a solicitude contemple unha terraza adosada á fachada do edificio e pretenda rebasar a porción desta ocupada polo establecemento.
- ✓ Memoria descriptiva dos elementos de mobiliario que se pretenden instalar na terraza
- ✓ Plano de situación a escala 1:1000, que especifique a área da terraza que se pretende instalar, onde figuren acotadas as distancias respecto ó local propio, como con respecto a outros locais de hostelería que existan nun entorno de 20 metros de radio dende os puntos extremos da fachada do establecemento
- ✓ Plano a escala 1:100 de planta e alzado da terraza que se pretenda instalar, con indicacións dos elementos de mobiliario e da separación, así como a súa clase, natureza, número, dimensións e colocación destes.
- ✓ Plano de instalacións eléctricas, indicando e especificando as proteccións necesarias.

Artigo 19.- Competencia para o outorgamento da licenza

Será competente para o outorgamento da licenza o Sr. Alcalde – Presidente ou concelleiro en quen delegue.

Aquelas solicitudes de instalación de terrazas que se pretendan ubicar nos parques públicos serán obxecto de informe previo do Servizo de Parques e Xardíns

Artigo 20.- Prazo de resolución

O Concello de Monforte de Lemos resolverá as solicitudes no prazo de dous meses dende a entrada da solicitude no rexistro xeral

Artigo 21.- Vixencia das licenzas

As licenzas outorgaranse por anos naturais, e deberán solicitarse con anterioridade a súa instalación. Nestas mesmas solicitudes indicaranse a ocupación que se pretende utilizar para o mes de agosto.

Artigo 22.- Limitacións de emprazamento

22.1 A porción de dominio público susceptible de ocupación con terrazas non poderá exceder de 2/3 da superficie autorizable do mesmo. A devandita superficie será determinada en cada caso polo concello.

22.2 A ocupación de beirarrúas sempre deberá deixar libre un paso de peóns, polo menos de un metro.

22.3 No caso de establecementos colindantes, o espazo susceptible de ocupación distribuirase equitativamente entre os solicitantes, daco modo do ancho de fachada de cada establecemento afectado.

22.4 A porción de terreo susceptible de ocupación por terraza non poderá ser inferior a tres metros cadrados.

22.5 Se a terraza se sitúa adosada á fachada do edificio, deberá quedar libre o espazo para acceder ós inmobles colindantes cun espazo mínimo de 2 metros.

Artigo 23.- Limitacións de emprazamento en bulevares e rúas peonís

Permitirase a instalación de terrazas en bulevares e rúas peonís nas que existan establecementos ubicados en inmobles sempre que a zona peonil supere os tres metros de ancho. A franxa de zona peonil central ocupable non excederá do 60 % da súa anchura

Artigo 24.- Limitación de emprazamento en prazas

A superficie de ocupación non poderá exceder do 60% da superficie autorizable, e sempre suxeito á correspondente autorización municipal".

Artigo 25.- Periodo de actividade

As terrazas poderán instalarse durante todo o periodo para o cal teñan autorización, podendo abarcar o mesmo todo o ano.

Artigo 26.- Limpeza diaria

Os titulares de licenzas de terrazas teñen a obriga de retirar e agrupar ó remate de cada xornada os elementos de mobiliario instalados, así como a realizar os labores de limpeza necesarios.

Artigo 27.- Remate do periodo de ocupación

Rematado o periodo de instalación previsto nesta ordenanza para cada ano natural, o titular da terraza deberá deixar completamente expedita a porción de chan público que viñese ocupando, retirando tódolos elementos que o ocupan ó día seguinte do remate o periodo de ocupación.

En caso de incumplimento, serán retirados polo concello mediante execución subsidiaria a costa do titular. Este feito poderá dar lugar á inhabilitación para sucesivas autorizacións.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Todas aquelas terrazas que no intre de de entrada en vigor da presente Ordenanza tivesen autorización para tempadas anteriores, deberán adecuarse ávixente normativa na presente tempada.

Monforte de Lemos, a 5 de marzo do 2013.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz

R. 0939

MURAS

Anuncio

O Pleno do Concello en sesion de data 10 de decembro de 2012 adoptou acordo de aprobación inicial de Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Durante o prazo de exposición pública recibíronse alegacions da Xunta de Galicia sobre o texto da mesma, que foron recollidas no expediente , polo que en sesion de data 28 de febreiro de 2013 o Pleno adoptou acoerdo de aprobación definitiva da mesma, o que se fia públcio de conformidade co disposto no artigo 49 da lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réximen Local.

Para a súa entrada en vigor, de conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, se procede á publicación do texto íntegro de dita Ordenanza.

Contra o citado acordo poderá interponerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondiente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia , no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente edicto no BOP.

ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CONCELLO DE MURAS

EXPOSICION DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunicades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Muras, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través da presente ordenanza.

CAPITULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1º.- OBXECTO:

É obxecto desta ordenanza a regulación do Servizo de Axuda no Fogar desenvolvido polo Concello de Muras.

ARTIGO 2º.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ó servizo de axuda no fogar que se desenvolve o concello de Muras.

ARTIGO 3º.- NATUREZA,DEFINICIÓN E OBXECTIVOS DO SERVIZO.

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atencións as persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

O servizo de axuda no fogar (SAF) poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia para as cales , de acordo coa valoración técnica correspondente , supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atendera a persoas maiores con deficits de autonomía e a persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

Son obxectivos do Servizo de Axuda no Fogar:

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- Retardar ou evitar a institucionalización.
- Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

ARTIGO 4º. CONTIDO DO SERVIZO

PRESTACIONS E TAREFAS

De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais que en cada caso correspondan, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) **Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria**, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) **Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria**, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) **Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda**, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d) **Atencións de carácter psicosocial e educativo:** intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

e) **Con carácter complementario** no servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleasistencia, GPS, etc..
- Servizo de Podoloxía
- Servizo de Fisioterapia

En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de apoi e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

ACTUACIONES EXCLUÍDAS

En ningún caso poderá, formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo do servizo.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

ARTIGO 5º.- BENEFICIARIOS/AS.

1.- Poderán beneficiarse do SAF, toda persoa ou unidade de convivencia para as cales, dacordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.

De xeito particular, o servizo atenderá ás persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato; e que este servizo garantice a permanencia no seu propio domicilio, en condicións axeitadas de vida e convivencia.

2.- Daráse prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

3.- Familias con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo, por circunstancias que afecten os coidadores, suficientemente xustificadas.

4.- Familias en risco de exclusión social coa finalidade de dar unha resposta preventiva e socializadora.

ARTIGO 6º.- DEREITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren os servizos en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
5. A coñeceren a situación do seu expediente.
6. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
7. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
8. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e
9. orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
10. A seren informadas, de maneira clara e precisa, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
11. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora dos servizos sociais comunitarios.

12. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

ARTIGO 7º.- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS.

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, terán os seguintes deberes:

1. Cumplir as normas, requisitos e procedementos para o acceso ó servizo, facilitando información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para a súa utilización e comunicando as variacións que experimenten as mesmas.
2. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.
3. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
4. A facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
5. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
6. Informar dos cambios de calquera circunstancia (cambio de domicilio, ingresos hospitalarios, teléfono, ingresos, Dependencia, capacidade económica, etc), nun prazo máximo de sete (7) días naturais, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
7. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
8. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo ou dificultar a execución do servizo.
9. Manter unha actitude positiva de colaboración cos técnicos dos servizos sociais comunitarios, participando no proceso de mellora, autonomía persoal e inserción social, permitindo que sexa realizado o correspondente seguimento e control do servizo.

ARTIGO 8º.- CAUSAS DE EXTINCIÓN OU MODIFICACIÓN DO SERVIZO.

1.-Constituirán causas da extinción definitiva do servizo:

- a. A renuncia da persoa usuaria
- b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- b. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- c. Falecemento da persoa usuaria.
- d. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- e. A falta reiterada de pagamento do servizo.
- f. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de

febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación

por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

ARTIGO 9º.-CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

ARTIGO 10º.- SOBRE O TRAMITE DE URXENCIA.

No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do alcalde ou do membro da corporación local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais de atención primaria e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 11º.- Formas de prestación do servizo.

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Muras, ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 12º.- Requisitos específicos.

1. Existirá un/unha Traballador/a de referencia, que actuará como coordinador/a do servizo .No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exigible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

| Número de persoas usuarias | Persoal técnico mínimo |
|----------------------------|---|
| 50 a 99 | 1 técnico/a titulado/a xornada completa |
| 100 a 199 | 2 técnicos/as titulados/as a xornada completa |
| 200 a 399 | 3 técnicos/as titulados/as a xornada completa |
| Incrementos sucesivos | Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa |

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e a comunidade.

3. O seguemento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo/a traballador/a sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual.

Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Muras, e de ser o caso, a entidade prestadora en rexime privado do servizo, abra un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia a que presta o servizo, no cal constara, cando menos:

- a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo II desta ordenanza.
- c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Muras e a persoa usuaria, segundo o anexo III desta ordenanza.
- d. Informes de seguemento periodicos, que teran un caracter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso o tratamento da informacion contida nos expedientes realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de proteccion de datos de caracter persoal.

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POLO CONCELLO DE MURAS

ARTIGO 13º.- MODALIDADES DE ACCESO AO SERVIZO, ORGANIZACIÓN E PROCEDEMENTO

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de Muras, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.
2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia. Empregarase para elo, un baremo en que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida. Tal baremo recóllese como anexo I da presente Ordenanza.

Ademais do mencionado anteriormente, son requisitos indispensables para o acceso ó servizo os seguintes:

- Estar empadroado no Concello.
- Presentar a solicitude(Anexo II) debidamente cumprimentada no rexistro xeral do Concello, dirixida ó Alcalde, xunto coa seguinte documentación:
 - A. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
 - B. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante
 - C. Certificado de convivencia
 - D. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde
 - E. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
 - F. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 - i. Fotocopia da última declaración da renda ou no seu defecto certificado de imputacións do IRPF expedido pola Axencia Tributaria.
 - ii. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
 - iii. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
 - iv. Calquera outra documentación que se considere necesaria para a resolución do expediente.
 - G. Residir nunha vivenda que reúna as condicións de habitabilidade mínimas, e que posibiliten a prestación do servizo cunhas garantías básicas.

H. Asina-lo acordo entre amabas partes.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo I.

3. O Departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevada á Alcaldía, para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses. No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo.

Dita resolución, no caso de ser favorable, indicación expresa do número de horas que se prestarán, relación de tarefas que se levarán a cabo e a porcentaxe de financiación da persoa usuaria sobre o custo total do servizo. Se se trata de resolución desfavorable, a resolución deberá indicar expresamente as circunstancias ou incumprimentos que determinen a mesma. Dita resolución será comunicada ó usuario, segundo o establecido na Lei de Procedemento Administrativo.

4. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposto do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.
5. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo V desta ordenanza.

En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo, ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención, dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias que accederon ao servizo polo sistema de libre concorrència, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado 12 deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

ARTIGO 14º.- DESENVOLVEMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se aproba a súa solicitude dende a Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrència. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ó perfil requerido para cada caso concreto e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de espera ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa técnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo V desta ordenanza.
5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo IV desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.
6. Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.
7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, do documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.
8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso.
9. O departamento de Servizos Sociais abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:
 - Un informe de avaliación inicial, asinado polo técnico competente, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.
 - Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o anexo IV desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de Xaneiro de 2009).
 - Un acordo de servizo asinado entre o concello de Muras e a persoa usuaria, segundo o anexo V desta ordenanza.
- Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

ARTIGO 15º. INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas semanais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

3. Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizo sociais do Concello.

ARTIGO 16º.-DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO, USUARIAS DO SERVIZODE AXUDA NO FOGAR.

A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas conviventes economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e á Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como aás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

O resultado do cálculo da capacidade económica correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar constará na resolución do plan individualizado de atención que se resolva en cada caso de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións

do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

ARTIGO 17º.- DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real quediminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

ARTIGO 18º.- PARTICIPACION NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO, USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, cada entidade local titular do servizo, para facer efectiva a obriga das persoas usuarias de participar no custo do servizo, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

| | GRAO I | | GRAO II | | GRAO III | |
|---|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| | NIVEL 1 | NIVEL 2 | NIVEL 1 | NIVEL 2 | NIVEL 1 | NIVEL 2 |
| Capacidade económica (referida ao IPREM) | 20 Horas | 30 Horas | 40 Horas | 55 Horas | 70 Horas | 90 Horas |
| Inferior ou igual ao 100% do IPREM | 0,00% | 0,00% | 0,00% | 0,00% | 0,00% | 0,00% |
| Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM | 4,52% | 6,56% | 8,59% | 11,42% | 14,47% | 18,09% |
| Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM | 5,41% | 7,84% | 10,28% | 13,66% | 17,31% | 21,64% |
| Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM | 5,55% | 8,05% | 10,54% | 14,01% | 17,76% | 22,19% |
| Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM | 5,65% | 8,19% | 10,73% | 14,26% | 18,07% | 22,59% |
| Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM | 5,72% | 8,30% | 10,87% | 14,45% | 18,31% | 22,89% |
| Maior do 200% e menor ou igual ao 215% do IPREM | 5,81% | 8,42% | 11,03% | 14,66% | 18,58% | 23,23% |
| Maior do 215% e menor ou igual ao 250% do IPREM | 6,03% | 8,75% | 11,46% | 15,24% | 19,31% | 24,14% |
| Maior do 250% e menor ou igual ao 300% do IPREM | 6,24% | 9,05% | 11,86% | 15,76% | 19,97% | 24,97% |
| Maior do 300% e menor ou igual ao 350% do | 6,42% | 9,30% | 12,19% | 16,20% | 20,53% | 25,66% |

| | | | | | | |
|---|-------|-------|--------|--------|--------|--------|
| IPREM | | | | | | |
| Maior do 350% e menor ou igual ao 400% do IPREM | 6,54% | 9,48% | 12,42% | 16,51% | 20,93% | 26,16% |
| Maior do 400% e menor ou igual ao 450% do IPREM | 6,63% | 9,62% | 12,60% | 16,75% | 21,22% | 26,53% |
| Maior do 450% e menor ou igual ao 500 % do IPREM | 6,70% | 9,72% | 12,74% | 16,93% | 21,45% | 26,82% |
| Superior ao 500% do IPREM | 6,76% | 9,80% | 12,84% | 17,07% | 21,63% | 27,04% |

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

ARTIGO 19º.- PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DAS PERSOAS USUARIAS NO FINANCIAMENTO DOUTROS SERVIZO QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO.

1. O prezo do servizo de axuda no fogar tomará como base o custo da hora de servizo para o Concello, ou, no seu caso, a tarifa hora establecida no contrato coa empresa que preste o servizo, coas revisións anuais que sexan precisas. Determinarase en todo caso anualmente e comunicaráselle aos usuarios unha vez finalizada a revisión anual dos casos.

2. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrência para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, a establécese unha regulación progresiva de participación económica no custo do servizo que terá en conta a estrutura de rendas no concello e o cálculo da capacidade económica per cápita de acordo a seguinte táboa:

| CAPACIDADE ECONÓMICA | Participación no custe do servizo de SAF básico |
|---|--|
| Menor de 0,80 IPREM | 0% |
| Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM | 30% |
| Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM | 50% |
| Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM | 70% |
| Maior de 2,50 IPREM | 90% |

3. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 20º.- AFECTACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS POLO COPAGAMENTO DESTES SERVIZOS.

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Muras, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

ARTIGO 21º.- DA COORDINACIÓN COAS ENTIDADES PRIVADAS QUE ATENDAN A PERSOAS USUARIAS FINANCIADOS TOTAL OU PARCIALMENTE CON FONDOS PÚBLICOS.

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

ARTIGO 22º.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello ás que se refire o artigo 6.

ARTIGO 23º. -NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGO.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados neste acordo regulador, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.

2. Por parte do concello e sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaboraráse un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

ARTIGO 24º. - INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo ós pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza deroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP de Lugo nº 226 de data 1 de Outubro de 2009 e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICION DERRADEIRA

A presente ordenanza entrara en vigor unha vez transcorra os 15 días dende a súa publicación no BOP de Lugo o abeiro no disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de Abril reguladora das bases do Réxime Local.

ANEXOS

Nº I.- BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA.

Nº II.- MODELO DE SOLICITUDE.

Nº III.- INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Nº IV.- PROXECTO DE INTERVENCIÓN.

Nº V.-MODELO DE CONTRATO.

NºVI.- MODELO -RENUNCIA ÁS HORAS.

Nº VII.- MODELO-RENUNCIA Ó SERVIZO.

Nº VIII.- MODELO-DECLARACIÓN INGRESOS.

ANEXO I

BAREMO DE VALORACION DE CASOS

1.- ACTIVIDADES BÁSICAS DA VIDA DIARIA (MÁXIMO 20 PUNTOS)

| ACTIVIDADE | TAREFAS | PUNTUACIÓN |
|-------------------------------------|--|------------|
| LAVARSE | Non recibe axuda no baño | 0 |
| | Precisa axuda para lavar unha parte do corpo (as costas ou alguna extremidade incapacitada) | 1 |
| | Precisa axuda para lavar máis dunha parte do corpo, para entrar ou saír da bañeira, ou non pode bañarse soa | 2 |
| ARRANXARSE | Non recibe axuda para lavarse a cara, máns, dentes, peinarse, afeitarse e maquearse. | 0 |
| | Precisa axuda para limpar dentes, peinarse, afeitarse, maquearse | 1 |
| | Precisa axuda para toas as actividades anteriores | 2 |
| VESTIRSE | Non precisa axuda para coller roupa, poñela, poner complementos, abotoarse,atar os zapatos | 0 |
| | Precisa axuda para coller roupa, vestirse alguna prenda ou complemento, atar os zapatos | 1 |
| | Precisa axuda para coller a roupa e vestirse | 2 |
| ALIMENTACIÓN | Non precisa axuda para comer | 0 |
| | Precisa axuda para cortar carne, o pan, estender manteiga..... | 1 |
| | Precisa axuda para comer ou alimentarse parcial ou totalmente por tubos ou intravenosamente | 2 |
| IR Ó RETRETE | Independente. Entra e sae só e non necesita axuda algunha por parte doutra persoa | 0 |
| | Necesita axuda. Capaz de manexarse cunha pequena axuda; é capaz de usar ó cuarto de baño. Pode limpiarse só | 1 |
| | Dependente. Incapaz de acceder a él ou de utiliza-lo sen axuda maior | 2 |
| MICCIÓN | Controla a micción ou non precisa axuda para coidarse da sonda ou colector. | 0 |
| | Precisa axuda para administrarse supositorios ou lavativas, ou ten incontinencias ocasionais (menos de 1 vez á semana) | 1 |
| | Ten incontinencias (máis de 1 vez a semán), necesita doutra persoa para administrar lavativas, etc | 2 |
| DEPOSICIÓNS | Non precisa, controla esfínteres | 0 |
| | Precisa axuda para administrarse supositorios ou lavativas, ou ten incontinencias ocasionais (menos de 1 vez a semana) | 1 |
| | Ten incontinencia (masi de 1 vez a semana), necesita doutra persoa para administrar lavativas, etc | 2 |
| TRANSFERENCIA TRASLADO CAMA/SILLÓN) | Non precisa axuda para ir do sillón á cama, ou empregar a cadeira de rodas. | 0 |
| | Precisa mínima (unha persoa) axuda física ou supervisión | 1 |
| | Precisa gran axuda (dúas persoas) aínda que é capaz de manterse sentada ou non realiza ninguna das anteriores actividades. | 2 |
| DEAMBULAR | Non precisa axuda para camiñar menos 50 metros, aínda que se axuda con bastón, muletas, prótesis ou andador sen rodas. | 0 |
| | Precisa axuda física ou supervisión para camiñar mais de 50 metros | 1 |
| | Fai uso de cadeira de rodas ou non realiza ninguna das anteriores actividades | 2 |
| ESCALEIRAS | Non precisa axuda ou supervisión para subir e baixar escaleiras, aínda que se axude de muletas ou bastóns ou se apoia en varanda | 0 |
| | Precisa axuda física ou supervisión | 1 |
| | Non sube nin baixa escaleiras | 2 |

Máximo de 20 puntos: dependencia total. De 19 a 10 puntos: Dependencia media, a persoa necesita axuda para alguna ou todas actividades. De 9 a 1 puntos: Dependencia baixa, a persoa necesita axuda para varias actividades e hai alguna que non pode realizar. 0 puntos: non dependencia

2.- ACTIVIDADES INSTRUMENTALES DA VIDA DIARIA (MAXIMO 16 PUNTOS)

| ACTIVIDADE | TAREFAS | PUNTUACIÓN |
|---------------|---|------------|
| TRANSPORTE | Non precisa axuda para viaxar soa, no transporte público ou conduce o propio coche. | 0 |
| | Precisa acompañante para viaxar en transportes públicos | 1 |
| | Non pode viaxar | 2 |
| FACER COMPRAS | Non precisa axuda para facer compras | 0 |

| | | |
|--|--|---|
| | Precisa acompañamento para facer calquera compra | 1 |
| | Non fai ninguna compra | 2 |
| LAVAR A ROUPA | Non precisa axuda para lavar a roupa | 0 |
| | Non precisa para lavar pequenas prendas | 1 |
| | Non se ocupa do lavado da roupa. | 2 |
| COIDADADO DA CASA | Non precisa axuda para realizar as tarefas domésticas | 0 |
| | Precisa axuda para realizar tarefas domésticas lixeiras como lavar pratos ou facer a cama | 1 |
| | Precisa axuda para realizar calquera das tarefas domésticas. | 2 |
| USO DO TELÉFONO | Non precisa axuda para utilizar o teléfono, busca e marca números | 0 |
| | Non precisa axuda para contrestar o teléfono, pero non pode marcar | 1 |
| | Non utiliza o teléfono | 2 |
| PREPARACIÓN DA COMIDA | Non precisa axuda para organizar, preparar , e serve as comidas por si mesma adecuadamente | 0 |
| | Precisa axuda para que lle proporcionen os ingredientes, aínda que prepara a comida adecuadamente | 1 |
| | Precisa que lle preparen e lle sirvan a comida | 2 |
| RESPONSABILIDADE RESPECTO Á SÚA MEDICACIÓN | Non precisa axuda para tomar a medicación no horario e dose correctas | 0 |
| | Non precisa axuda para tomar a medicación, aínda que precisa que lle propreparen as doses adecuadas. | 1 |
| | Precisa axuda para tomar e para preparar as doses adecuadas. | 2 |
| MANEXO DA ORGANIZACIÓN ECONÓMICA | Non precisa axuda para manexar asuntos económicos, ingresos, gastos, facer xestións, etc | 0 |
| | Precisa axuda para facer xestións como ir ó banco, etc | 1 |
| | Non manexa cartos | 2 |

Máximo de 16: Dependencia total, precisa axuda na realización de todas as actividades. De 15 a 8 puntos: Dependencia media, a persoa necesita axuda para alguna ou tódalas actividades. De 7 a 1 puntos: Dependencia baixa, a persoa necesita axuda para varias actividades e hai alguna que non pode realizar. 0 puntos: Non dependencia.

3.-SITUACIÓN PERSOAL E FAMILIAR. (MAXIMO 20 PUNTOS)

| VIVE SOA | Puntuación |
|--|---------------|
| A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoios | 20 |
| A persoa vive soa, carece de familiares , e só ten apoio do contorno vecinal ou outras redes | 18 |
| CONVIVE CON ALGUÉN | Puntuación |
| A persoa convive cunha persoa sen capacidade para atendelo, ben por que sexa unha persoa maior, teña alguna discapacidade ou dependencia, careza de tempo o non sepa organizarse, non comprenda o estado de saúde, | 12 |
| Os familiares neganse a atende-lo/a aínda qu teñan posibilidades | 8 |
| Vive só/soa pero hai familiares con posibilidades de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 Km | 5 |
| Está ben atendido | 0 |
| TOTAL PUNTOS SITUACIÓN PERSOAL E FAMILIAR | PUNTOS |

4.- CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO SOCIAL (MAXIMO 15 PUNTOS)

| VIVENDA (RÉXIME DE TENENCIA) | Puntuación |
|-------------------------------|------------|
| Cedida: | 2 |
| En aluguer | 1 |
| En amortización | 1 |
| En amortización | 1 |
| Propia: | 0 |
| CONDICIÓNS DA VIVENDA | Puntuación |
| Malas | 2 |
| Deficientes | 1 |
| Aceptables/Boas | 0 |
| EQUIPAMENTO E ADAPTABILIDADE | Puntuación |
| Carencia de calefacción | 0,5 |
| Carencia de teléfono | 0,5 |

| | |
|--|-------------------|
| Carencia de auga corrente | 0,5 |
| Carencia de auga quente | 0,5 |
| Carencia de luz eléctrica | 0,5 |
| Carencia de cuarto de baño | 0,5 |
| EXISTENCIA DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS | PUNTUACIÓN |
| Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda | 2 |
| Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda | 2 |

4.1.-CARACTERÍSTICAS**DA****ZONA.**

| | |
|--|-----------------|
| LOCALIZACIÓN DA VIVENDA | |
| Zona rural illada | 2 Puntos |
| Zona rural | 1 Punto |
| Núcleo urbano | 0 Puntos |
| ACCESIBILIDADE A SERVIZOS E EQUIPAMENTOS BÁSICOS (CENTRO MEDICO,FARMACIA,TENDAS ALIMENTACIÓN,COMERCIOS ESPECIALIZADOS, CORREOS, ETC) | |
| Proximidade | 0 Puntos |
| Pouca distancia/accesos aceptables | 0 Puntos |
| Distancia media/accesos con certas deficiencias | 1 Punto |
| Moita distancia/vías de acceso deficiente | 2 Puntos |

5.- BAREMO ECONOMICO (MAXIMO 29 PUNTOS)

| 1 PERSOA | 2 PERSOAS | 3 OU MÁIS PERSOAS | PUNTUACIÓN |
|--------------------------|--------------------------|--------------------------|-------------------|
| < 80% IPREM | < 70% IPREM | < 60% IPREM | 29 |
| >= 80 % IPREM< 90 %IPREM | >= 70 % IPREM< 80 %IPREM | >=60 % IPREM< 70 %IPREM | 20 |
| >= 90 % IPREM<100 %IPREM | >= 80 % IPREM< 90 %IPREM | >= 70 % IPREM< 80 %IPREM | 15 |
| >=100 %IPREM<110 %IPREM | >= 90 % IPREM<100 %IPREM | >= 80 % IPREM< 90 %IPREM | 10 |
| >=110 %IPREM<120 %IPREM | >= 100%IPREM<110 %IPREM | >= 90 % IPREM | 5 |
| Superior ó 120 % IPREM | Superior ó 110 % IPREM | Superior ó IPREM | 0 |

ANEXO II

**SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR
CONCELLO DE MURAS, ANO_____**

Rexistro de entrada

D/Dª_____

DNI_____ Domiciliado/a_____

_____ Tfno._____ e en

representación_____ domiciliado/a en_____

SOLICITA a valoración do seu caso para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar, conforme á normativa municipal que regula este Servizo.

En Muras a_____ de_____ de 20__

ANEXOIII**INFORME TECNICO - PROPOSTA DE RESOLUCION**

Servizo de Axuda No Fogar

Nº Expediente:_____

DATOS DO SOLICITANTED/D^a_____ con DNI_____

Enderezo_____ e Teléfono_____

A vista da documentación aportada polo/a solicitante, e tra-las visitas domiciliarias e entrevistas realizadas, emítase a seguinte valoración:

- 1- **ABVD** (MAXIMO 20 PUNTOS)
PUNTOS_____
- 2- **AIVD** (MAXIMO 16 PUNTOS)
PUNTOS_____
- 3- **SITUACIÓN PERSOAL E FAMILIAR** (MAXIMO 20 PUNTOS)
PUNTOS_____
- 4- **CONTORNO SOCIAL** (MAXIMO 15 PUNTOS)
PUNTOS_____
- 5- **SITUACION ECONOMICA** (MAXIMO 29 PUNTOS)
PUNTOS_____

TOTAL PUNTOS_____

(MAXIMA PUNTUACION 100)

En consecuencia, este Traballador/a Social propón á Alcaldía a seguinte resolución:

CONCEDER A D/Dña_____

ó servizo de Axuda no Fogar solicitado, por reunir tódolos requisitos establecidos e dacordo ós seguintes detalles prestacionais:

-

-

HORARIO: _____ DIAS: _____ DURACIÓN: _____

APORTACION ECONOMICA MENSUAL: _____

DENEGAR A D/Dña_____

ó servizo de Axuda no Fogar solicitado, por non reunir tódolos requisitos establecidos para tal fin e que se especifican a continuación:

Non obstante, a Alcaldía adoptará a resolución que estime oportuna:

En Muras, a ___ de _____ de _____.-
Traballador/a Social Nº Col.

Asdo. _____

ANEXO IV

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Proxecto de Intervención

1.-Datos de Identificación do Expediente

| | | | | | | | |
|-----------------------------------|-------------------|---------------------------------|--|----------------------|--|----------------|--|
| Expediente ¹ | | Intervención nº ² | | Data de solicitude | | Data de Inicio | |
| Sector de Referencia ³ | | Ámbito de Atención ³ | | Nº Total de Usuarios | | | |
| Nome e Apelidos | Data de Nacemento | DNI | | Sexo | | Estado Civil | |
| Proxecto | | Data do Proxecto | | Data Fin de Proxecto | | | |

Antecedentes relevantes:

2.-Atención a prestar

Días da semana

| L | M | X | J | V | S | D | | Nº de horas semanais | | Horario |
|---|---|---|---|---|---|---|--|----------------------|--|---------|
| | | | | | | | | | | |

Tipo de servizo a prestar ⁴

Perfil dos/as profesionais

Outros servizos:

3.-Existencia doutros Servizos/Apoios prestados a Domicilio

Existencia:

Servizos/apoios:

Nº de horas semanais:

6.-Obxectivos Específicos e Tarefas que se propoñen

Obxectivos do servizo proposto:

Tarefas a realizar:

6.-Periodicidade do Seguimento (mínimo bimensual)

Técnico responsable:

¹ Identificación do expediente en SIUSS

² Número de orde desta intervención en relación co total realizadas neste expediente

³ Tipoloxía SIUSS

⁴ Pódese empregar a tipoloxía SIUSS

ANEXO V**Acordo de Servizo****SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR****REUNIDOS**

Dunha parte Don/Dona _____ en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de _____

E doutra Don/Dona _____ con DNI _____ en representación de Don/Dona _____ con DNI _____

DECLARAN:

Coñecer e acepta-los dereitos e deberes emanados do Regulamento de Axuda no Fogar e no seu contexto:

1. O Concello, a través da Departamento de Servizos Sociais, comprométese a presta-lo servizo de Axuda no Fogar familiar de Don/Dona _____
2. Que tanto a prestación do Servizo de Axuda no Fogar como a auxiliar que realizará as tarefas serán asignados segundo valoración técnica do departamento de Servizos Sociais en coordinación coa Empresa prestadora de ditos servizos.

A) De carácter doméstico.

- Limpeza de vivenda.
- Feitura de camas.
- Repaso e arranxos a roupa de uso persoal.
- Lavado de roupa.
- Preparación de comida.
- Compra.
- Pranchado da roupa no domicilio.

B) De atención persoal:

- Aseo persoal, incluíndo cambio de roupa, baño se cómpre e todo aquilo que requira a hixiene habitual.
- Axuda para erguerse, deitarse, vestirse e alimentarse.
- Axuda para a inxestión e control dos medicamentos prescritos polo servizo de saúde correspondente.
- Apoio na mobilización no domicilio do usuario.
- Apoio da alimentación da persoa usuaria.

C) De compañía/ sociocomunitarios:

- Acompañamentos na realización de xestións varias, que non poidan realizar por si sos; contacto con familiares, veciños, entrega de documentos, etc.

D) Psicosociais e educativos.

- Intervencións técnicas para prever ou superar situacións de crise ou conflitos na convivencia, así como para adestrar ós usuarios e as súas familias no manexo do fogar, reforzando as súas capacidades persoais.

E) Atencións puntuais.

- Realización de pequenas melloras e equipamentos no fogar que faciliten a permanencia da persoa no mesmoe aquelas tarefas necesarias para a posta en marcha ou o mantemento do servizo como son as adaptacións do fogar e limpeza a fondo.

3. O Horario de traballo será de_____ horas /semanais.

4. Os técnicos responsables do servizo indicarán as directrices técnicas da intervención individual, co fin de mellora-las condicións de vida de cada usuario/a.

Don/Dona_____comprométese a colaborar na aplicación de ditas medidas.

5. O presente contrato terá vixencia dende _____ ata o _____, sempre e cando ambas partes respeten os acordos adoptados no presente contrato.

6. Como pagamento pola prestación de Axuda no Fogar a Don/Dona_____ comprométese a abonar ó Concello a cantidade de _____€/hora (salvo modificación na Ordenanza Fiscal) que se farán efectivas por meses na conta _____, no prazo de sete días seguintes á emisión da correspondente factura.

7. Ambas partes aceptan este contrato cos termos que deriven do presente documento e naquelo non previsto, comprometéndose á observación da lexislación vixente.

Ambas partes dan a súa conformidade ó presente acordo de prestación de SAF, e o asinan

En _____ a _____ de _____ de 20__

Asdo: Alcalde-Presidente

Asdo: Usuario/a ou representante

ANEXO VI

RENUNCIA A HORAS

D. /D^a_____, maior de idade, veciño/a de Muras, con domicilio en_____ e DNI._____
a V.S. expón:

Que son beneficiario/a do Servizo de Axuda no Fogar deste Concello dende _____ ata a data, e non estando interesado/a en recibir as horas que me corresponderían polo grao de dependencia que teño, renuncio ás horas asinadas disfrutando de ____ horas semanais, poñendo en coñecemento dese Concello para que se acorde conforme ó manifestado.

Polo que se roga a V.S. que, previos os trámites correspondentes, díguese aceptala.

Muras, a ____ de _____ de ____.

Asdo_____

Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Muras

ANEXO VII
RENUNCIA Ó SERVIZO

Servizo de Axuda no Fogar

Nº Expediente:

D. /D^a _____, con DNI _____, veciño/a de Muras e con domicilio en _____, e en representación de Dona _____ con DNI _____ e con domicilio en _____

a V.S. expón:

Que ven sendo beneficiario/a do Servizo de Axuda no Fogar deste Concello dende o ata a data, e non estando interesado/a no mesmo, renuncio á referida solicitude, poñendoo en coñecemento desa Alcaldía para que se acorde conforme ó manifestado.

Polo que rogo a V.S. que, previos os trámites correspondentes, dígñese aceptala.-

Muras, a de _____ de 201

Asdo_____

Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Muras

ANEXO VIII
DECLARACIÓN XURADA

D/D^a _____ con DNI _____ con domicilio en _____ Concello de _____ provincia de_____.

Declaro baixo a miña responsabilidade:

Que os documentos informativos sobre os ingresos económicos obrantes no Departamento de Servizos Sociais para o cálculo da miña capacidade económica son fidedignos.

E para que así conste, asino a presente declaración en _____, a ____ de _____ de 20____

Asdo: _____

| |
|---|
| <p>A falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados podrá dar lugar, no seu caso, á extinción ou modificación do servizo</p> |
|---|

En Muras, a 4 de marzo de 2013.- O Alcalde, Issam Alnagm Azzam.

R. 0940

OUROL

Anuncio

Solicitada a esta Alcaldía por don Cesáreo Eijo Canoura, en representación de Cesáreo Eijo, C.B., licenza municipal para a montaxe temporal dunha carpa no Lugar de Bravos.

Cumprindo co disposto no artigo 36 do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, (Real Decreto 2186/1982, do 27 de agosto), sométese a información pública por un prazo de dez días hábiles, (10), co fin de que durante este período-que comezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP-poidan examinar o expediente, na Secretaría do concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

Ourol, cinco de marzo de dous mil trece.- O alcalde-presidente, Marcial Sanjurjo Fernández

R. 0941

SARRIA

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro sobre o Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, faise pública notificación de requerimento ós titulares dos vehículos que a continuación se relacionan para que no prazo de 15 días ,dende a publicación do presente no B.O.P, procedan á retirada dos mesmos da vía pública, xa que habéndose intentado a notificación ós interesados no último domicilio coñecido ésta non se puido realizar:

- 1.- Titular do Vehículo: D. Manuel Sánchez Rodríguez
Domicilio: Furela nº 4, Lousada, 27620 Samos (Lugo)
Vehículo marca: PEUGEOT 406 SRTDT 19 Matrícula: LU-7985-V
- 2.- Titular do Vehículo: DNA. María González González.
Domicilio: San Miguel de neira de Rey, 27680 Baralla (Lugo)
Vehículo marca: FORD ESCORT, Matrícula LU-4326-U
- 3.- Titular do Vehículo: D. Julio César Montero Rojas
Domicilio: Rúa Vázquez Saco nº 34 PT 2 27600 Sarria (Lugo)
Vehículo marca: CITROEN Matrícula LU-5050-O
- 4.- Vehículo marca: HONDA Matrícula: 97-84-IQ
Vehículo marca: CITROEN Matrícula: 41-63-JE.

A través do presente anuncio comunícase ós interesados que si no prazo de quince días contados a partir dende da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, non procederon á retirada do seu vehículo da vía pública, procederase ó seu traslado ás instalacións do Depósito Municipal para o seu tratamento como residuo urbán, segundo o establecido na Lei 30/1998 de Residuos

Sarria, 27 de Febreiro de 2013.- O Alcalde, José Antonio García López

R. 0894

VIVEIRO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

En cumprimento do disposto nos artigos 36, b).3 do Real Decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas e no punto 2.7.3 do Anexo ao Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catalogo de Espectáculos Públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, sométese a información pública o expediente que se tramita a instancia de FRANCISCO BALSAL GALDO, para a instalación dunha CAFETERÍA DUNHA CUNCA na Praza Maior nº21 baixo, en Viveiro, Lugo.

Durante o prazo de dez días, a contar dende o seguinte ao da inserción deste edicto no BOP, o expediente estará a disposición do público no Servizo de Urbanismo do Concello de Viveiro, a fin de que todos aqueles que se consideren afectados pola actividade poidan examinalo e presentar as alegacións e/ou observacións que teñan por conveniente.

Viveiro, 5 de marzo de 2013.- O Alcalde, Melchor Roel Rivas

R. 0943

XOVE

Anuncio

Faise público que por Resolución de Alcaldía de data 5 de marzo de 2.013 aprobáronse o Proxecto Técnico de Obra e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán na contratación mediante procedemento aberto, tramitación simplificada, oferta economicamente máis vantaxosa, un único criterio de adjudicación (o prezo máis baixo) para a contratación da obra de "AGLOMERADO E MELLORAS EN VARIOS NÚCLEOS RURAIS DE XOVE".

Polo presente anuncio e de acordo co previsto no artigo 142 do RD 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise licitación pública do contrato de referencia, coas características que a seguir se relacionan:

1.- Entidade Adxudicadora: Datos xerais e datos para a obtención de información:

- a) Organismo: Concello de Xove.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría/Intervención
- c) Obtención de documentación e información:

- 1.- Dependencia: Secretaría ou Intervención Municipal
- 2.- Domicilio: Camiño real, s/n
- 3.- Localidade e Código Postal: 27870 Xove (Lugo)
- 4.- Teléfono: 982.59.20.01
- 5.- Telefax: 982.59.21.54
- 6.- Correo electrónico: elena.intervencion@xove.es; secretario@xove.es
- 7.- Dirección de Internet de perfil de contratante: www.xove.es
- 8.- Data límite de obtención de documentación e información: Ata seis días antes da data límite para recepción de ofertas, sempre que dita petición se presente con unha antelación mínima de oito días respecto daquela data.

- d) Número de expediente: OBR02/13

2.- Obxecto do contrato:

- a) Tipo: Contrato administrativo de obra
- b) Descrición: "AGLOMERADO E MELLORAS EN VARIOS NÚCLEOS RURAIS DE XOVE".
- c) Lugar de execución/ entrega:
 - 1.- Domicilio: Casa do Concello; Camiño Real, s/n
 - 2.- Localidade e Código Postal: 27870 Xove (Lugo)
- e) Prazo de execución/entrega: Tres (3) meses a contar desde a Acta de Comprobación do Replanteo
- f) Admisión de prórroga: Non
- g) CPV: 09111400-4 Combustibles de madeira

3.- Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: Ordinaria-Simplificada
- b) Procedemento: Aberto
- c) Subasta electrónica: Non
- d) Criterios de adjudicación:
 - Prezo ofertado: Ata 10 puntos

4.- Orzamento base de licitación:

- a) Importe neto: 123.128,50 euros. IVE (21%): 25.856,99 euros; Importe total: 148.985,49 euros

5.- **Garantías esixidas: Provisional:** Non se esixe. Definitiva: 5% do importe de adjudicación, con exclusión do IVE.

6.- Requisitos específicos do contratista:

- a) Clasificación: Non se esixe. Caso de presentala no canto da solvencia financeira, económica, técnica e profesional, será: Grupo G, Subgrupo 6, Categoría c)
- b) Solvencia económica e financiera e solvencia técnica e profesional: A esixida no Prego de Cláusulas Administrativas (Cláusula 26)
- c) Outros requisitos específicos: Non

7.- Presentación de ofertas:

- a) Data límite de presentación: Decimoterceiro día natural contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- b) Hora límite: 15.00 horas
- c) Lugar de presentación:
 - 1.- Dependencia: Rexistro Xeral da Casa do Concello
 - 2.- Domicilio: Rúa Camiño Real, s/n
 - 3.- Localidade e Código Postal: 27870; Xove (Lugo)
 - 4.- Fax: 982.59.21.54
- d) Admisión de variantes: Non
- e) Prazo durante o que o licitador está obrigado a manter a súa oferta: Ata a adxudicación do contrato.

8.- Apertura de ofertas:

- a) Dirección: Casa do Concello-Salón de Plenos
- b) Localidade e Código Postal: 27870, Xove (Lugo)
- c) Data e hora: Comunicaranse previamente a través do Perfil de Contratante do Concello de Xove

9.- Gastos de publicidade: Por conta do contratista adxudicatario

Xove a 5 de marzo de 2013.- O ALCALDE, Demetrio Salgueiro Rapa

R. 0968

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUCENSE*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ORZAMENTOS Nº 3/2013
E PLAN ECONÓMICO FINANCIERO**

A Asemblea Plenaria desta Mancomunidade, na sesión extraordinaria de data 18 de febreiro de 2012, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 3/2013, e o seu plan Económico Financeiro.-

En cumprimento do establecido no artigo 177.2 en relación ao disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, exponse ao público na secretaría desta Mancomunidade, sita na praza do concello s/n do concello de Barreiros, polo prazo de quince días hábiles que comezará a contarse a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP de Lugo, co fin de que durante este tempo os interesados poidan formular as reclamacións que consideren pertinentes que deberán dirixilas á Asemblea Plenaria desta Corporación.-

Así mesmo, e no cumprimento do establecido no artigo 26 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade orzamentaria, faise pública a aprobación dun Plan económico -financeiro pola mesma Asemblea Plenaria, que estará a disposición dos interesados na sede da Mancomunidade.

Transcorrido o devandito prazo, se non se recibisen reclamacións contra os orzamentos, consideraranse estes como definitivamente aprobados.

Barreiros, 28 de febreiro de 2013.- O Presidente, José Alfonso Fuente Parga

R. 0944

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA
JUZGADO PRIMERA INSTANCIA Nº3 LUGO

Anuncio

D. Justino-Gonzalo Corchero Martín, Secretario Judicial, del juzgado de Primera Instancia nº3 de Lugo, por el presente,

Anuncio:

En el presente procedimiento de Juicio Ordinario nº504/11-P seguido a instancia de Comunidad Propietarios Edificio Número 10 Calle Nicomedes Pastor Díaz frente a Daniel Gil Gómez, El Nilo Construcciones y Reformas, Perlada Grupo inmobiliario se ha dictado sentencia, cuyo tenor literal es el siguiente:

SENTENCIA Nº248

En Lugo, a treinta de octubre del año dos mil doce.

Vistos por Don Darío Antonio Reigosa Cubero, Magistrado-Juez del Juzgado de Primera Instancia número tres de Lugo, los presentes autos de Juicio Ordinario nº504-11, seguidos a instancias de la Comunidad de Propietarios del edificio nº10 de la calle Nicomedes Pastor Díaz de Lugo, representada por la Procuradora Doña Rosa Vallejo González, y con la dirección letrada de Doña Adriana Santos Fernández; contra, la entidad mercantil “Perlada Grupo Inmobiliario”, en rebeldía; la entidad “El Nilo, Construcciones y Reformas”, representada por la Procuradora Doña María Esther Villaverde Quiroga, y con la dirección letrada de Don J. A. Sánchez Goñi; y, contra, Don Daniel Gil Gómez, representado por el Procurador Don Álvaro Martín Buitrago Calvet.- Siguen antecedentes de hecho y Fundamentos de Derecho.

FALLO

Que estimando en parte la demanda planteada por la Comunidad de Propietarios del edificio nº10 de la calle Nicomedes Pastor Díaz de Lugo, representada por la Procuradora Doña Rosa Vallejo González, contra, la entidad mercantil “Perlada Grupo Inmobiliario”, la entidad mercantil “El Nilo, Construcciones y Reformas”, y, contra, Don Daniel Gil Gómez, debo condenar y condeno solidariamente a los demandados al abono de la suma de 18.654,52 euros, con los intereses indicados, sin hacer un especial pronunciamiento respecto de las costas.

Librese testimonio de esta sentencia y llévase a los Autos de su razón, quedando el original archivado en el Libro de Sentencias Civiles del Juzgado.

Notifíquese la misma a las partes con advertencia de que no es firme y que contra ella cabe formular recurso de apelación para ante la Ilma. Audiencia Provincial de Lugo, el cual, de conformidad con el artículo 458 de la L.E.C. 1/2000, deberá interponerse ante este Juzgado dentro del plazo de veinte días contados desde el siguiente a su notificación.

Así por esta mi Sentencia, definitivamente juzgando en primera instancia, la pronuncio, mando y firmo.

Y encontrándose dicho demandado, Perlada Grupo Inmobiliario, en paradero desconocido, se expide el presente a fin de que sirva de notificación en forma al mismo.

Lugo, 15 de febrero de 2.013. – El Secretario Judicial

R. 0854

COMUNIDAD DE REGANTES RIO MIÑO PEQUEÑO DE ARNEIRO

Anuncio

CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

A Comunidade de Regantes Río Miño Pequeno de Arneiro –Río Anllo , Cospeito, **CONVOCA** a tódolos comuneiros á **ASAMBLEA XERAL ORDINARIA** que terá lugar no local social de As Panciegas - Muimenta, o martes 26 de marzo do 2013 as 11:00 da mañá en primeira convocatoria, e as 12:00 en segunda co seguinte,

ORDE DO DÍA

Lectura e aprobación se procede , das contas anuais do exercicio 2012.
Aprobación de cotas de regadío para o ano 2013.
Rogos e preguntas.

Arneiro (Cospeito), a 6 de marzo de 2013.- O Presidente da Comunidade, Juan Fco Novo García

R. 0948
